

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Bases para a contratación dun/dunha ofial de segunda tractorista

ANUNCIO

Anuncio bases que rexerán a convocatoria para a contratación de persoal (1 operario tractorista oficial segunda-grupo de cotización 08) a xornada completa, durante 6 meses, para reforzo e atención das tarefas de limpeza e conservación dos camiños e vías públicas, fincas de titularidade municipal e aquelas que sexan susceptibles de limpeza, co tractor rozadoira de brazo lateral e traseira

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 205 n.º 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, en relación á súa vez co disposto na Base Terceira das aprobadas por decreto do Alcalde núm. 511/2020, do 23 de setembro, a través da cal se aproban as bases que rexerán o procedemento de selección por concurso-oposición, para poder contratar a 1 operario tractorista oficial segunda-grupo de cotización 08, a xornada completa, durante 6 meses, para reforzo e atención das tarefas de limpeza e conservación dos camiños e vías públicas, fincas de titularidade municipal e aquelas que sexan susceptibles de limpeza, co tractor rozadoira de brazo lateral e traseira na modalidade de contrato de duración determinada.

As solicitudes/instancias e documentación complementaria para formar parte do proceso selectivo presentaranse durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Procédese a publicar ditas bases, cuxo contido é o que deseguido se indica.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, DE 1 TRACTORISTA PARA MANEXO DO TRACTOR CON ROZADOIRA DE BRAZO LATERAL E TRASEIRA A XORNADA COMPLETA, CON CONTRATO TEMPORAL (6 MESES)

BASE PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto a contratación de persoal (1 operario tractorista oficial segunda-grupo de cotización 08) a xornada completa, durante 6 meses, para reforzo e atención das tarefas de limpeza e conservación dos camiños e vías públicas, fincas de titularidade municipal e aquelas que sexan susceptibles de limpeza, co tractor rozadoira de brazo lateral e traseira.

As tarefas a realizar, en cada caso, polo persoal seleccionado serán as seguintes:

- Manexo de tractor rozadoira de brazo lateral e traseira.
- Tarefas de mantemento do tractor.
- Aquelas que se lle encomenden relacionadas co seu posto.

A xornada laboral é a tempo completo e axustarase ás necesidades do servizo.

BASE SEGUNDA.-REQUISITOS MÍNIMOS DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP
- b) Idade: ter cumpridos os dezoito anos de idade (en atención ao requisito de posesión de permiso de conducir) e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) As persoas que se presenten ao posto de operario tractorista recollida nestas bases, deberán estar en posesión do permiso de conducir de tipo B.
- d) Habilitación: non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non

atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ao emprego público. (Achegarase declaración xurada a cubrir polo aspirante (anexo II), que deberá presentar no momento da solicitude de participación no proceso selectivo).

As persoas aspirantes presentarán solicitude de participación no proceso selectivo (Anexo I), declaración xurada de cumprir os requisitos legais establecidos nas convocatorias (Anexo II) e declaración xurada de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao posto que se opta (anexo III).

BASE TERCEIRA.-REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS.

As solicitudes/instancias para formar parte do proceso selectivo (Anexo I) presentaranse preferentemente pola Sede Electrónica do Concello de Vedra (sede.vedra.es), durante o prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (neste caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte enderezo electrónico: correo@concellodevedra.com, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias). En caso contrario, quedarán excluídas do proceso selectivo.

Na instancia farase constar que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases, que coñecen e aceptan ditas bases, acompañándoa da seguinte documentación, en copia simple:

- Fotocopia do DNI ou documento de identificación de persoa estranxeira.
- Fotocopia do permiso de conducir tipo B.
- Declaración xurada de cumprimento dos requisitos legais (Anexo II).
- Declaración xurada acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao posto que se opta (anexo III).
- Vida laboral e máis os contratos (os contratos poderán substituírse polo certificado de fin de contrato) que acrediten a experiencia relacionada directamente co posto a desenvolver, como oficial de segunda tractorista (Base PRIMEIRA das presentes).

Datas para a realización das probas.-As persoas candidatas deberán presentarse na data, hora e lugar que publique o concello na páxina web municipal e taboleiro de anuncios, provistos do DNI.

BASE CUARTA.-ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, así como a composición da comisión seleccionadora. Nesta resolución, que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios, indicaranse as iniciais e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas de exclusión, concedendo un prazo de tres días hábiles para a corrección da documentación precisa para participar no proceso. No caso de que non existan persoas excluídas, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

BASE QUINTA.-COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora será nomeada pola Alcaldía e estará composto por 4 membros titulares e suplentes: un presidente/a, 2 vogais, e un secretario/a (con voz pero sen voto). De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home (na medida do posible), e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual. A pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ningún.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora farase por Resolución de Alcaldía, que se publicará no taboleiro de anuncios e páxina web do concello de Vedra.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos

seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente da comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultada para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 30/92, do 26 de novembro. O tribunal continuará constituído ata que se resolvan as reclamacións que se presenten ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de conformidade co art. 13.4 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusarlles se concorrese algunha daquelas circunstancias.

BASE QUINTA.–PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará:

FASE DE OPOSICION:

PROBA PRÁCTICA: máximo de 10 puntos

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso (Base PRIMEIRA e SEGUNDA das mesmas).

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 10 puntos. Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

A duración da proba práctica decidirá a comisión seleccionadora, segundo as tarefas/probas que se propoñan.

FASE DE CONCURSO:

BAREMOS DE MÉRITOS: máximo 6 puntos

A Mesa de selección procederá, unha vez rematada a proba práctica, ao baremo dos méritos das persoas candidatas que superasen dita proba, establecendo no seu caso, os criterios a priori.

Nesta fase valoraranse os méritos conforme ao seguinte baremo:

Experiencia profesional (máximo 6 puntos): polo desempeño dun posto de traballo de igual ou similar categoría e contido profesional ao convocado: a razón de 0,10 puntos por mes de servizo, ata un máximo de 6 puntos. Non se computarán os períodos inferiores a un mes.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante vida laboral e máis os contratos (os contratos poderán substituírse por un certificado de fin de contrato) que acrediten a experiencia relacionada directamente co posto a desenvolver, como oficial de segunda tractorista, como indica na base PRIMEIRA das presentes.

BASE SEXTA.–DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

No caso de probas individuais, a orde de participación no proceso selectivo dos/as aspirantes iniciárase pola orde alfabética dos seus apelidos e nomes.

Das sesións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a levantará acta, onde se farán constar as cualificacións das probas dos/as aspirantes e das que se produzan. Xunto coa acta, uniranse ao expediente as follas da documentación acreditativa da situación de colectivo específico.

BASE SÉTIMA.–SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

- Superarán o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, ordenadas segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ao número de prazas convocadas.
- Para a obtención da puntuación global o tribunal sumará as puntuacións de ambas fases.
- No caso de empate a orde establecerase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:
 - a) Maior puntuación acadada na fase de oposición (proba práctica).
 - En ningún caso a Comisión seleccionadora poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de prazas convocadas.

BASE OITAVA.-LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Terminada a cualificación de todo o proceso, a comisión seleccionadora publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da corporación a relación de persoas aspirantes aprobadas pola orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de persoas aspirantes aprobadas, lista de reserva.

A lista de reserva será aos efectos de cobertura de renuncias, baixas, ou á non acreditación (documento orixinal ou copia cotexada) por parte das persoas candidatas nomeadas, en relación coa contratación vinculada ao procedemento obxecto destas bases, non outorgando aos integrantes da lista de reserva dereito algún en relación a outros procesos de contratación.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións aos resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse, elevarase a definitiva a lista que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta do tribunal será elevada á Alcaldía para que formule a contratación das persoas que obteñan a mellor puntuación, en número que non supere a das prazas obxecto da convocatoria.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non terse presentado os/as aspirantes, elevará proposta á Alcaldía para que se declare deserta.

A formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente.

BASE DÉCIMA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Para o previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, así como cantas normas de igual ou superior rango sexan aplicables. A convocatoria, bases e actos administrativos derivados da mesma serán recorribles nos termos previstos na Lei 30/1992 e na Lei 29/1998.

Sen prexuízo do carácter administrativo dos actos que integran o procedemento da selección, fiscalizados ante a xurisdición contencioso-administrativa, o réxime xurídico dos contratos será o da lexislación laboral, correspondendo aos xulgados do social o coñecemento das cuestións que se deriven do incumprimento dos mesmos.

BASE UNDÉCIMA.-INCIDENCIAS.

A comisión seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

Vedra, 23 de setembro de 2020.

O ALCALDE

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

Solicitude para a participación na convocatoria pública para a selección de 1 TRACTORISTA PARA MANEXO DO TRACTOR CON ROZADOIRA DE BRAZO LATERAL E TRASEIRA A XORNADA COMPLETA, CON CONTRATO TEMPORAL (6 MESES)

Don/dona, con DNI,
..... e domicilio a efectos de notificación en, C.P,
localidade, núm. de teléfono, e correo electrónico

EXPOÑO:

1.º.-Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Vedra, para cubrir o posto de OFICIAIS DE SEGUNDA TRACTORISTA.

2.º.-Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declaro coñecer e aceptar.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude xunto coa documentación que se require nas bases e se admita para participar no concurso-oposición convocado para cubrir o citado posto.

Documentación complementaria:

- 1.-Fotocopia do DNI ou documento de identificación de persoa estranxeira.
- 2.-Permiso de conducir tipo B.
- 3.-Declaración xurada de cumprimento dos requisitos legais (Anexo II).
- 4.-Declaración xurada acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes ao posto que se opta (Anexo III).
- 5.-Vida laboral e máis os contratos (os contratos poderán substituírse polo certificado de fin de contrato) que acrediten a experiencia relacionada directamente co posto a desenvolver, como oficial de segunda tractorista (Base PRIMEIRA das presentes).

Lugar e data:

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VEDRA

ANEXO II

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria pública para a selección de 1 TRACTORISTA PARA MANEXO DO TRACTOR CON ROZADOIRA DE BRAZO LATERAL E TRASEIRA A XORNADA COMPLETA, CON CONTRATO TEMPORAL (6 MESES)

Don/a, con DNI e domicilio en, nacionalidade, número de teléfono e correo electrónico, a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL DE 1 TRACTORISTA PARA MANEXO DO TRACTOR CON ROZADOIRA DE BRAZO LATERAL E TRASEIRA A XORNADA COMPLETA, CON CONTRATO TEMPORAL (6 MESES)

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se atopar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Así mesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,
- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Vedra, o de de 2020.

Sinatura:

ANEXO III
MODELO DECLARACION XURADA

Declaración xurada para a participación na convocatoria pública para a selección de 1 TRACTORISTA PARA MANEXO DO TRACTOR CON ROZADOIRA DE BRAZO LATERAL E TRASEIRA A XORNADA COMPLETA, CON CONTRATO TEMPORAL (6 MESES)

Don/dona, con DNI n.º, teléfono, e domicilio a efectos de notificación en, núm. de teléfono e correo electrónico

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Que non padezo enfermidade, nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica que impidan o desempeño das funcións propias do posto de traballo para as que me inscribo no concello de Vedra.

Vedra, de de 2020.

Asdo.

2020/6791